

O SILENCIO, OUTRA MIRADA. ENSINAR UNHA HISTORIA NON ANDROCÉNTRICA.

“Todo o que xustamente foi denunciado na educación tradicional das fillas, en relación cós fillos, está en vías de transformación: tanto para unha como para outros, a educación é agora unha entrega de capital cultural e social, pero tamén, unha chamada a enriquecelo e transformalo segundo formas inéditas...Elas teñen que inventar verdadeiramente o seu destino, negociar o lugar que ocupan e ocuparán no mundo común, así como o sentido que lle darán. Para elas xa nada pode darse “por descontado”.

Francoise Collin: *Historia y memoria*. 1995.

OBXECTIVOS:

Ensinar unha historia non androcéntrica, liberada de prexuízos respecto ás relacións entre os sexos, permite mostrar:

- os mecanismos polos que as mulleres foron tradicionalmente silenciadas.
- as súas achegas á historia da humanidade, aínda sen recoñecemento no poder, o que non quere dicir, que non tiveran actividade. Non é contradictorio pensar que a acción e o poder non se identifican.

Resaltar nas mobilizacións das mulleres o aspecto da defensa da calidade de vida. Elas sempre se organizaron arredor da vida cotiá, ben para protestar polos prezos, para a distribución de bens en situacións excepcionais, ou para intercambiar alimentos. E sendo a calidade de vida un valor fundamental no futuro do noso alumnado, é preciso incorporar esta perspectiva ás aulas e asumir o feminismo.

Introducir nas aulas “*o que fai historia*” a historia cotiá, a vida diaria das mulleres comúns, para ensinar que é una memoria sen datas, sen medidas, sen nomes, na que cabemos todas sen que distinguir o que é suxeito sexa imprescindible.

Recoñecer nas imaxes coas que foron fixadas as actividades das mulleres e que forman parte da súa dominación androcéntrica, outras lecturas que nos permiten “*mirar*” de novo e rescatar aspectos da propia historia, que esvaran pola historia tradicional.

Abordar as discriminacións de xénero desde a reflexión nas aulas, valorizando as experiencias propias das mulleres, de cara a mellorar a realidade de todos os días.

Exemplos da Historia:

1.- Olimpe de Gouges publica en 1791 Os dereitos da muller e da cidadá:

“As nais, as fillas, as irmás, representantes da nación, piden ser constituídas en asemblea nacional. Considerando que o a ignorancia, esquecemento ou o desprezo dos dereitos da muller son as únicas causas das desgrazas públicas e da corrupción dos gobernos, resolveron expoñer nunha solemne declaración os dereitos naturais, inalienables e sagrados da muller (...) a fin de que os actos do poder das mulleres e os do poder dos homes, podendo ser comparados coa finalidade de toda institución pública, sexan así máis respectados a fin de que as reclamacións das cidadás (...) colaboren sempre no mantemento da constitución...”

Cadernos de Queixas da Revolución Francesa.

2.- Elizabeth Cady Stanton sufraxista americana di en 1890:

“Algúns homes nos din que temos que ser pacientes e persuasivas; que temos que ser femininas. Miñas amigas, ¿que cre o home que é a femineidade?. É ter unha forma de facer que lle agrade: quieta, deferente, sumisa, que se lle acerque como serva ó seu amo. El non quere autoafirmación pola nosa parte, nin desafío, nin a acusación vehemente da súa persoa como ladrón e criminal. Cando tódolos dereitos que conseguiron os oprimidos foron arrincados pola forza ós tiranos; cando a páxina máis escura da historia humana son os crimes contra as mulleres ¿aínda nos dirán os homes que sexamos pacientes, persuasivas, femininas?”

3.- Noticia de prensa sobre unha mestra na provincia de Ourense que sofre acoso sexual en 1890:

“De aquí que se haya dado el caso de que un discípulo galantease a la profesora al salir de la escuela, y que ofendido y despechado por los desaires de ésta, le propinase por la noche, en unión de varios camaradas, algunas coplejas picantes, acompañando las canciones con secos y estridentes redobles dados a guisa de tambor en una lata de petróleo vacía, y que la profesora se viese obligada a ausentarse, abandonando así la enseñanza”.

La Instrucción primaria en la provincia. *El Eco de Orense*. 2 agosto 1890.

Comentar que teñen en común estes tres textos e que desenvolvemos a continuación.

1.- ANÁLISE DO SILENCIO.

¿Onde están nos libros de texto estas mulleres que acabamos de ler?. E as demais?.

As primeiras reflexións aló polos anos 90, versaban sobre os materiais que usábamnos nas aulas de Secundaria, e estábamos de acordo en que todos presentaban o mesmo panorama, adoecían da mesma ausencia, **o silencio**, que nos fixo preguntarnos ¿e, mentres tanto as mulleres qué facían?. Sabiamos cousas que fixeran algunhas mulleres, feitos illados, especialmente daquelas mulleres protagonistas históricas homologadas ós varóns porque ocuparon posicións hexemónicas, de poder (raíñas, etc...) pero

¿Qué facían as mulleres que non eran protagonistas? ¿Qué facían na súa vida cotiá?

Analizando os libros decatámonos de que pouco máis podíamos saber. As mulleres aparecían cumprindo estes papeis:

- Asociadas ós nenos e nenas, como nais e valedoras do benestar familiar.
- Como mártires da Revolución Industrial, como man de obra barata na industria téxtil, que serán “redimidas” polos políticos, ao reclamar que volvan ao fogar.
- Como obxecto decorativo ou artístico. Ex.:carteis dos *“felices anos vinte”*, ou calquera representación iconográfica.
- Ás veces, no movemento feminista, nun papel intelectual unido a *“mulleres pouco agraciadas”*.

Resumindo, a pouca presenza feminina na historia tradicional respondía a criterios masculinos que definían o papel reservado ás mulleres.

Así que este é o primeiro paso na indagación da historia. Pero as mulleres non carecen de historia, non están fóra da historia.

“Están dentro da historia nunha posición especial de exclusión na que desenvolveron a súa propia maneira de ver as cousas”. Sigrid Weigel, 1986.

Para traballar coa historia das mulleres temos que partir necesariamente dalgúns conceptos imprescindibles, entre eles o concepto de xénero, o de patriarcado e o de androcentrismo.

2.- CONCEPTOS BÁSICOS PARA A HISTORIA DAS MULLERES.

2.1.- CONCEPTO DE XÉNERO.

É o comportamento axeitado a cada sexo, nunha sociedade dada e nunha época determinada. O xénero é unha serie de papeis culturais. Isto quere dicir que o que coñecemos como “home” e o que coñecemos como “muller” non consiste nun conxunto de atributos naturais, senón que se trata de construcións culturais”.

Gerda Lerner en *“A creación do patriarcado”* Crítica, 1990:

Por tanto, é o comportamento que se espera de nós. Son papeis aprendidos, non naturais, por iso é tan importante a educación. Así, se espera dunha muller ou dunha rapaza que saiba limpar ou cociñar, pero non se espera dela que saiba resolver logaritmos matemáticos con facilidade. Tamén se espera dunha muller que teña comportamentos femininos, e non se espera ese mesmo comportamento dun home..

Exemplo: O corpo

A imaxe das mulleres que os homes teñen foi aceptada inconscientemente polas propias mulleres, e serviu para que elas se conformaran, e se viran a si mesmas determinadas por esta imaxe.

Durante moito tempo as mulleres contemplaron o seu corpo en previsión da fetichización masculina, e permitiron que esta se convertera en criterio propio, de si e da súa aceptabilidade.

Cada século tiña o seu propio busto e o seu propio traseiro feminino favoritos. E non había distincións especiais entre “os grandes artistas” e o gusto trivial da industria cultural.

Este canon serve para que as mulleres se sintan aínda máis inseguras, por dubidar se posúen ou non o prerrequisito da beleza. E estas son as normas que fixeron e fan intolerable o noso envellecemento e causan enfrontamento entre nós. ¿Estou demasiado feminina ou demasiado masculina?.

A *“esquizofrenia latente”* da muller consiste en que aqueles elementos do modelo de feminidade que lle poden procurar respecto moral (maternidade, comprensión, sociabilidade...) son tamén a base da súa subordinación social. Se cuestionamos a suposta inferioridade do sexo feminino e entramos na competencia profesional ou política, temos que *“pagar”* coa súa feminidade. De aí o sentimento de culpa das nais que traballan.

Tamén porque unha parte importante da vida de tódalas mulleres e a vida enteira de moitas delas, desenvolveuse dentro dos límites marcados polo sistema de xénero. E a historia destas mulleres (as mulleres comúns, a maioría) forma parte fundamental da nosa propia historia. Ademais é preciso combinar o concepto de xénero con outros, como o patriarcado, para incluír a aquelas mulleres que no seu tempo viviron fóra do sistema simbólico masculino, “as excepcións”.

Aquelas que – a pesar do que digan os homes- si lograron escribir, pensar, traballar, celebrar e incluso participar politicamente. Polo tanto o silencio, non é inexistencia, e a empobrecida tradición da cultura das mulleres non é só consecuencia da súa produción cultural, senón tamén das normas masculinas respecto do que é tradición e o que non, o que debe ser valorado e o que non.



Ex.: nos séculos XVIII e XIX moitos textos publicados escritos por mulleres apareceron de forma anónima ou baixo alcume(xeralmente masculino). Servía para superar a contradición entre a autoprotección e a autoexpresión.

Retrato de George Sand.

Como estratexia incluso de aprendizaxe, as mulleres publicaron textos literarios antes de expoñer ningunha teoría, e autobiografías de mulleres, que é un xénero derivado da publicación de experiencias persoais, que comezan a aparecer a mediados do século XIX.

2.2.- CONCEPTO DE PATRIARCADO

Outra categoría de análise fundamental para a historia das mulleres foi e é a de **patriarcado**.

“ é unha toma de poder por parte dos homes sobre as mulleres (...) que pasa polo sometemento das mulleres á maternidade, que pasa pola represión da sexualidade feminina e que pasa pola apropiación da forza de traballo total do grupo dominado, do que o seu primeiro pero non único produto, son os fillos”.

Victoria Sau *Un diccionario ideolóxico feminista*, Icaria, 1981

Como exemplo podemos comentar o tema da baixa da natalidade, da que se nos bota a culpa ás propias mulleres. A apropiación dos fillos é importante: o que os legaliza é o feito dos apelidos paternos. Rousseau dicía que o verdadeiro nacemento era o xurídico, non o natural.

A represión da propia sexualidade: o coñecemento do propio corpo sempre estivo en función do pracer do varón, sen ter en conta os desexos propios.

E respecto á apropiación do traballo, podemos indicar, sen ir máis lonxe, o traballo doméstico que non figura nin sequera como traballo produtivo, e polo tanto non conta nin como remunerado, nin no PIB dun país.

Tanto na creación literaria ou científica como no ámbito político, a achega, xeralmente anónima, das mulleres foi apropiada e capitalizada polos homes, pola estrutura masculina, recollendo os beneficios, na estrutura de dominación, e de parentesco.

Unha definición menos radical é a seguinte:

“a manifestación e institucionalización do dominio masculino sobre as mulleres e nenos da familia, e a extensión dese dominio masculino sobre as mulleres a toda a sociedade, en xeral. Implica que os homes ostentan o poder en tódalas institucións importantes da sociedade e que as mulleres son privadas do acceso a ese poder. Non implica que as mulleres carezan totalmente de poder nin que estean privadas de dereitos, influencias y recursos”

Lerner,G: **La creación del patriarcado**. Crítica, Barcelona, 1990, pp 340

Comentar que para que as mulleres puidesen votar nunhas eleccións políticas en España, foi Clara Campoamor quen despois dunha pechada defensa das mulleres e o seu voto conseguíuno en 1931, na 2ª República.

Unha das estruturas base do patriarcado é o **parentesco**. Nos modelos de parentesco, do que o seu centro é a parella heterosexual, hai unha xerarquía: o marido domina á muller. Aínda que os sistemas de parentesco non teñen que provocar necesariamente a subordinación feminina, cando os maridos ou pais se apropián da produción das mulleres, é inevitable.

Hai autoras dos anos oitenta que sosteñen que *o primeiro vínculo social estable da especie humana non foi a parella heterosexual, senón o conxunto de lazos que unen á muller coa criatura que dá a luz. O lento desenvolvemento do cerebro, e das funcións fisiolóxicas do ser humano impuxo ós recen nados a dependencia prolongada da persoa adulta que aceptou a responsabilidade da súa crianza: as mulleres*".
(Martha I. Moia: 1981)



Clara Campoamor.

As propias mulleres participaron dende sempre no proceso da súa propia subordinación porque foron moldeadas psicolóxicamente para que interiorizaran a idea da propia inferioridade.

A estreita relación das mulleres coas estruturas familiares fixo que calquera intento de solidariedade feminina e cohesión de grupo resultase problemática. Todas as mulleres estaban unidas ós parentes masculinos da súa familia con lazos fortes, que moitas veces arrastraban obrigas específicas. Ex.: aceptar un compañeiro para casar acorde cos intereses familiares, ou cumprir hoxe en día, coas obrigas domésticas.

Ademais de sufrir un adoutramento patriarcal dende a infancia, carecían de tradición; non existía unha muller ou un grupo de mulleres que vivisen sen a protección masculina.

As mulleres non tiñan historia: dixéronlles iso e elas crérono. E como non tiñan historia, non tiñan alternativas cara ó futuro.

Esta inexistencia da historia das mulleres reforzou a aceptación da ideoloxía do patriarcado, e minou o sentimento de autoestima de cada muller.

Por outra parte, durante máis de 2.500 anos, as mulleres estiveron en situación de **desvantaxe educativa**, e foron privadas das condicións necesarias para crear un pensamento abstracto. E as mulleres, ó serlles impedido o acceso á ensinanza, prívaseselles do acceso a estes coñecementos.

Moitas veces o chamado "xenio artístico" e moito menos resultado da inspiración cuanto dun coidadoso adestramento artístico, por poñer un exemplo. E o feito é que

ata fins do século XIX a educación das rapazas de clase media remataba ós quince anos, polo que a súa posición é de desvantaxe respecto ós homes. Así as propias mulleres interiorizaban as ideas masculinas, como é o caso dos alcumes masculinos, ou na actualidade o título de doutor ou licenciado.

Dispoñen, de calquera clase que sexan, de menos tempo libre que os homes, e debido a que teñen que criar ós fillos e fillas, ademais do coidado do resto da familia, o tempo libre non é en xeral para elas. O pouco tempo libre do que podían dispor, era e é un tempo fraccionado, constantemente interrompido, polo tanto, non valorado nin respectado. (Concepto de non estar libre, estar **fóra de si**)



Simone de Beauvoir

Pero tamén existiron unha minoría de mulleres privilexiadas, case sempre pertencentes á elite dirixente, que tiveron acceso ó mesmo tipo de educación que os seus irmáns. De entre elas saíron as intelectuais, escritoras, artistas, pensadoras. Elas son as que puideron deixar na historia unha perspectiva feminina, unha alternativa ó pensamento androcéntrico.

Estas mulleres, que foron admitidas no centro da actividade intelectual da súa época (especialmente no último século) tiveron que aprender a “*pensar como homes*”.

Os homes ensináronnos que o pensamento ten

que partir da eliminación dos sentimentos. E as mulleres, igual que os pobres, subordinados, teñen un profundo coñecemento da ambigüidade, sentimentos mesturados con ideas,... E como non son valorados estes coñecementos na sociedade patriarcal, as propias mulleres aprenderon a dudar das súas experiencias, e a devalualas.

Moitas veces ó longo dos tempos víronse obrigadas a vivir á marxe da sociedade: eran consideradas “desviacións”.

A falta de coñecementos que temos da nosa propia historia foi unha das principais maneiras de manter ás mulleres subordinadas.

As mulleres temen a reprobación dos homes da súa vida e son cautelosas. Historicamente a renuncia ó amor ou catalogar de “*perversas*” ás pensadoras foron os medios de desalentar o traballo intelectual das mulleres. Este aspecto de control do xénero, como unha forza que lles impide participar no proceso de creación de sistemas de pensamento, non debería ser subestimada, aínda na actualidade. Todas nos tivemos esta aprendizaxe educativa na nosa formación científica. Esta longa asimilación pode condicionar os nosos hábitos mentais e polo tanto, orientar nun determinado sentido as investigacións. É preciso na actualidade **desaprender, desobedecer e indagar**, para rescatar do esquecemento despois. É preciso recuperar a propia experiencia feminina; o que significa superar a resistencia que hai en nos mesmas a aceptar a nosa valía e a validez dos nosos coñecementos.

Significa buscar a coraxe intelectual, para abandonar o desexo de seguridade e aprobación, e arriscarse a fracasar, dar o salto a estar orgullosas do dereito a reordenar o mundo. O que Gerda Lerner chama :”*a arrogancia intelectual*”.



Sarah Bernhardt (1844-1923)

2.3.- CONCEPTO DE ANDROCENTRISMO

O **silencio** sistemático da participación das mulleres en acontecementos históricos importantes, e incluso a ignorancia, fai dicir a moitos historiadores que se a Historia fala fundamentalmente dos homes, é porque eles foron os suxeitos activos, mentres que as mulleres teriamos aceptado o rol de suxeitos pasivos.

A división entre o masculino e o feminino representa a diferenza entre o mundo público e o privado, entre o mundo da produción e o da reprodución, e polo tanto, entre o estado da natureza e a cultura. Así, a invisibilidade das mulleres, entendida neste dobre aspecto, é o **sexismo nas ciencias sociais**, sen entender que as omisións afectan tanto ó universo masculino como o feminino. As súas consecuencias non so danse na aplicación das propias ciencias sociais, senón tamén no seu desenvolvemento teórico e metodolóxico. Se un sector importante de fenómenos sociais non se inclúen na investigación nin na teorización, as teorías derivadas han ser parciais, e polo tanto, limitadas.

Nas situacións revolucionarias as mulleres sempre participaron activamente, aínda que despois quedan desposuídas da nova estrutura de poder que de aí se deriva. Ex.: Revolución Francesa, loita anticolonialista de Alxeria, ou nos países do Leste actual, ou os movementos de mulleres de negro palestinas.

Segundo Rowbotham “*Women Resistance and Revolution*”.1972 as mulleres participaron practicamente en tódolos procesos revolucionarios activamente. Especialmente cando había enfrontamentos militares, as mulleres facíanse cargo de manter a produción e a vida cotiá, aínda que tamén se incorporaban nas fronteiras militares e nos combates.



Mika Etchebéhère. POUM

Foi unha constante que, en tódolos casos, as mulleres aportaron reivindicacións específicas xunto ás xerais, e que estas nunca foron ben aceptadas polos homes, que tendían a que as mulleres se desmobilizaran e retornaran ó fogar, tan pronto como a situación de enfrontamento se resolvía. De aí os envíos á retagarda das mulleres combatentes: Guerra Civil española. O argumento era que as mulleres relaxaban a disciplina dos combatentes e o militar non era feminino. Os seus servizos na retagarda eran tan importantes como os que podían prestar combatendo e nas revolucións non existía nin vangarda nin retagarda (Rev. Francesa). Na retagarda rompíase a distinción entre tarefas masculinas e femininas e aceptábase que as mulleres desenvolveran tarefas “masculinas”, de calquera tipo. Unha vez rematada a loita, vencedores ou vencidos

(Revolución Rusa) volvíase a unha división sexual do traballo tradicional. Os vencidos, como tiñan que traballar na clandestinidade, volvían a esixir das mulleres o traballo doméstico, para que eles puideran dedicarse ás tarefas políticas. Esta volta non sempre foi ben acollida polas propias mulleres, especialmente entre as dos grupos máis radicalizados, e a miúdo, os homes utilizaron á violencia para lograr o seu obxectivo.

Ex.: Segunda Guerra Mundial, ou a disolución dos clubs republicanos femininos, na Revolución. Francesa e o encadeamento e morte das súas dirixentes principais.

Pero en situacións límites, permíteselle ás mulleres saír do seu rol tradicional. Falamos de **androcentrismo**, que segundo Amparo Moreno (“*El arquetipo viril*”), etimoloxicamente procede de ANER-DROS: *ser do sexo masculino (o home), por oposición á muller e ós deuses*. Pero non é calquera ser humano de sexo masculino, senón un home dunha determinada idade (nin neno, nin adolescente, nin vello), dun determinado status (marido), dunhas determinadas calidades virís (honor, valentía...). Polo tanto, é aquel que asimilou un conxunto de valores e que se sitúa no centro, dende unha perspectiva centralista. E así, a realidade específica das mulleres ordénase nas marxes, como insignificante, e por tanto, inferior. As mulleres sempre son definidas segundo os criterios masculinos en canto ás súas características, comportamento, etc...e como a orde cultural esta gobernada por homes, pero as

mulleres seguen pertencendo a el, utilizan tamén as normas das que elas mesmas son obxecto. É dicir, a muller está involucrada e excluída á mesma vez na orde cultural masculina. Isto ten razón de ser se entendemos o concepto de patriarcado.

A **perspectiva non androcéntrica** serve para valorar positivamente o negado, o considerado insignificante e polo tanto, relegado ás marxes, moitas veces non escritas, e recobra significado todo o que está fóra do punto de vista hexemónico central. "*A mirada birolla*" (Sigrid Weigel): as mulleres deben permitirse mirar polo rabiño dun ollo, de maneira estreita e concentrada, mentres teñen o outro libre de vagar pola dimensión social. Necesitan dedicar polo menos a metade do seu campo de visión a esa mirada rixida sobre o seu rol específico como mulleres, e só poderán deixar de facelo, cando as mulleres que viven e queren saír do guetto dos deberes femininos superen a súa dobre vida: a imaxe no espello das proxeccións masculinas.

3.- APORTACIÓNS MÍNIMAS PARA ENSINAR:

3.1.- A linguaxe (O masculino xenérico)

O D.R.A.E. da como primeiro significado da palabra "*home*" o de "*animal racional*", engadindo que "*baixo esta acepción se comprende todo o xénero humano*". Ó utilizar o termo cun senso universal destaca o protagonismo destes e oculta o das mulleres en tódolos ámbitos da actividade humana. Esta confusión entre o masculino varón e o masculino xenérico, a humanidade, é habitual na historia tradicional. É o **uso ambiguo do masculino e** serve para encubrir un modelo de masculinidade.

As mulleres están sen fala, non só porque durante tanto tempo estiveron sometidas ó silencio, non só porque aquilo que lograban dicir non era nin é escoitado. Tamén porque a linguaxe mesma ignora o feminino, ou o engloba nunha categoría especial, ou o confunde baixo o masculino como unha categoría que se presenta neutral. A linguaxe non é só un medio de comunicación: tamén é o medio que contén a nosa subxectividade, a nosa identidade: o noso discurso da forma a nosa historia, por iso tamén a historia fai invisibles ás mulleres. Nunca o discurso feminino inclúe ó masculino. As mulleres con certa conciencia feminista saben que todas as mulleres están acostumadas a deducir do contexto si están ou non incluídas cando se utiliza a palabra "*todos*". Segundo Gisela Breitling, artista e escritora alemá (1939):

"A estreita conexión entre a vista e a capacidade de percepción vense limitadas se non se fala de certas cousas... Os tabús da linguaxe convértense en prohibicións para a percepción. E á inversa, o que é lingüisticamente expresado adquire un novo impacto... Así fenómenos que son invisibles ou inexistentes poden ser percibidos como naturais se son nomeados ou utilizados. Ex.: os prexuízos contra as mulleres."

Expresións equivalentes non excluíntes: *os homes e as mulleres, as persoas, os seres humanos, a humanidade, o xénero humano...*

Nos libros de texto ou de exercicios, figura sempre a expresión *...o alumno debe...* debería figurar en lugar do xenérico, o discurso directo: *escribide, analízade...*

Ó facer que o termo "*home*" inclúa o de "*muller*", e se arrogue a representación universal da humanidade, os homes cometeron un erro conceptual importante.

Mentres os homes creron que a terra era plana non puideron entender a súa realidade, e a verdadeira relación da terra cos outros corpos celestes. Mentres os homes crean que as súas experiencias, as súas ideas representan toda a experiencia humana, e todo o pensamento humano, non poderán ver a realidade como é, e non definirán correctamente o abstracto.

Moitas mulleres sabemos por experiencia que se queremos actuar no ámbito público como persoas activas, temos que demostrar que somos capaces de facer "*o mesmo que os homes*", acéptase a reivindicación "*que a muller sexa igual que o home*"; pero esta demanda apenas se formula en termos inversos, é dicir, "*que os homes sexan iguais que as mulleres*".

3.2.- O plural

A utilización do masculino xenérico e moito máis frecuente en plural que en singular. Os profesores comprenden ás profesoras, os rapaces comprenden ás rapazas, os alumnos abarcan tamén ás alumnas. Ou especificamos o xénero, ou utilizamos nomes colectivos: *o profesorado, a alumnado,...*

Busca da **presenza das mulleres**, non da muller en singular, que representa outro estereotipo. A idea é que existen e existiron moitas mulleres diferentes. Sen esquecer as divisións sociais que se dan entre elas.

3.3.- O tempo:

A estrutura do tempo presenta un problema fundamental cando falamos da historia das mulleres. A **división clásica** da Historia en idades (Antiga, Media, Moderna e Contemporánea) non serve para referirnos ó protagonismo feminino. As actuacións das mulleres discorren polo baixo da cronoloxía dos grandes acontecementos, e así sabemos que nas referencias ó traballo non se tiña, nin se ten en conta o traballo doméstico e as súas implicacións; podemos pasar dunha idade a outra e as mulleres seguen na mesma situación, ou sofren atrancos.

O mundo privado en liñas xerais, está sen incorporar ó público, e discorre con outro ritmo. Isto é debido a que como durante séculos o home foi asociado á cultura e a muller á natureza, a natureza apenas é susceptible de análise histórico, (o parto, a familia, a maternidade, o dote, o espazo doméstico, o coidado dos enfermos e dos mortos), e por iso estas actividades femininas cambian pouco ó longo do tempo, ou dunha sociedade a outra.

As mulleres son gardiáns "*do inmutable*" (Francoise Collin:1995), pero baixo esa imaxe aparecen mulleres innovadoras na historia. Son unha minoría, igual que sucede cos homes: a diferenza está en que a maioría deles se identifican coa súa minoría innovadora, mentres que a maioría das mulleres non se identifica, ata agora, nin coa minoría innovadora dos homes nin tampouco coa das mulleres. Ex: Madame de la Fayette ou Marie Curie son excepcións, das que falamos antes.

4.- OUTRA MIRADA AO SÉCULO XIX: MATRIMONIO E FAMILIA

A palabra familia a finais do século XVIII e principios do século XIX refírese á parella cos seus fillos, porque a familia estensa, que incluía ós outros parentes e serventes, xa viña esmorecendo denda tempo atrás.

A familia, de calquera tamaño, é fundamento da orde social, polo que existen regras que a organizan. O ideal de familia no S. XIX ten por modelo o **matrimonio burgués**, que predomina en Europa incluso xa entrado o S. XX, e que se basea nas teorías da época (científicas e relixiosas) que defendían a orde patriarcal, partindo da base da inferioridade feminina (física e/ou intelectual), o que serve para que cada un exerza o seu papel, a división sexual do traballo e a tradicional distribución dos papeis sociais, nunha estruturación aínda máis rixida, se cabe, que en épocas anteriores.

O texto seguinte é un exemplo dun argumento científico da inferioridade intelectual das mulleres, de D. Ramón Costales, republicano federal galego, na controversia suscitada no Ateneo da Coruña no 1859:

"Las mismas razones que alejan a las mugeres de un trabajo violento y sostenido, las alejan tambien del estudio. La ciencia que los hombres adquieren casi siempre a espensas de su salud, no la indemnizaría de la pérdida de su temperamento y de sus encantos(...) dirigen su gusto hacia los objetos frívolos. (...) Por lo demás, notadlo bien, las mugeres que se ocupan del cultivo de las ciencias,... cumplen malisimamente con sus mas queridas obligaciones. Flores marchitas, temperamentos degenerados y espuestas a los males de nervios, a las afecciones convulsivas y vaporosas, las encontrais a cada paso. Concluyo, pues, diciendo que la mujer fue formada para los cuidados de la maternidad y hacer la felicidad doméstica; que su capacidad y disposición al saber no puede en modo alguno

compararse en general con la del hombre”

Discurso pronunciado por don Ramón Costales en sesión pública . *El Ateneo. Periódico de intereses materiales, ciencia, arte y literatura*. A Coruña, 10, Agosto 1859.

Parecía que a Ilustración, en base a idea de igualdade, abriría novas posibilidades para as mulleres, pero foi ó contrario, prodúcese un **discurso regresivo** coa burguesía emerxente que reclama regras para tódolos aspectos da vida, e ás que as mulleres non serán alleas. A posición social dos varóns dependía de moitos factores, para as mulleres só inflúe un: “*o home ó que cada unha soubo agradar*”. (C. Amorós).



El Balcón. Eduard Manet. 1868

A idea é a separación: as mulleres pertencen ó ámbito privado, que é o modo de vida desexable e os homes pertencen ó ámbito público, por iso son cidadáns.

O matrimonio era un **contrato** no que o varón e a muller funcionan nuns papeis determinados: elas deben servizo doméstico ó seu home pola posición que este ocupa como varón, non como patrón, e non serán remuneradas porque él debe, a cambio, proporcionarlles sustento e protección.

Os cabezas de familia son os directores do destino económico e espiritual das súas familias, que son como un pequeno rebaño, ou un pequeno estado sobre o que o pai exerce un poder absoluto, e do xeito de exercer ese poder só será responsable ante Deus.

A estrutura familiar condiona de tal forma **as disposicións legais** que o réxime de matrimonio é a clave para entender a posición de subordinación legal da muller. O revés do que acontecía nos homes, que ó casar practicamente alcanzaban unha plena independencia, a condición de esposa supoñía un cambio substancial na personalidade xurídica e unha clara delimitación de atribucións.

Por iso, serán mal toleradas as “excepcións” (as solteiras) que serán as primeiras en acceder o traballo remunerado, e polo tanto, á independencia.

Respecto ós **bens** que a muller aporta ó matrimonio, o longo do S. XIX fóronse subraizando as prerrogativas que o marido tiña sobre eles, de xeito que a muller entregaba incondicionalmente tanto a administración dos seus bens propios (dote, parafernais, arras e donacións) como os da sociedade conxugal (Labra: 1868). No momento do matrimonio, o dote cumpría a función de compensación económica pola tutela que pasaba a exercer o marido sobre a esposa:

“En la ciudad de Orense, a diez y nueve de Noviembre de mil ochocientos sesenta y dos: (...) comparecieron ante mi y testigos que al final se expresan José Bravo vecino de San Pedro de Cudeiro y residente en esta capital, estado viudo labrador propietario de cincuenta y un años de edad, y Rosalía Valiñas también de estado viuda, mayor de treinta y ocho años y tendera de Abacería de esta repetida ciudad, ambos en el uso de sus derechos civiles y digeron: que el día de mañana tienen formada intención de contraer matrimonio conforme a las disposiciones de la Santa Madre Iglesia habiendo prometido la segunda llebar diferentes vienes y entregarlos al primero en calidad de dote que adquirió con su propio peculio para ayudar a sostener las cargas matrimoniales (...)

Que recibe en este caso de la citada futura esposa por dote y caudal suyo propio lo siguiente: cuatro cavaduras de viñas al término da Lonía (...) una parte de la casa (...relación de obxectos e productos de alimentación coa súa correspondente valoración en reais) Cuyos vienes evaluados (...)ascienden a la cifra de once mil ochocientas cuarenta y nueve reales teniendo en cuenta el valor individual de cada cosa y de todo ello se da el Bravo por entregado a su voluntad por recibirlos de la mencionada su futura esposa (...).

Arquivo Histórico. Ourense. Protocolo de 1864, pp 268 a 277.

A distribución sexual dos roles esixe de tódolos xeitos, que a muller poida proveelas necesidades da vida cotiá da familia (**alimentación e vestido**). No ámbito doméstico, o pai é tamén o dono dos cartos. Nos medios burgueses é el quen leva as contas da casa e quen distribúe os cartos, feito común tamén no mundo rural. Tan só no mundo obreiro e popular escápase a este control financeiro, pois a muller, asistente ou tendeira, logra un posto de repartidora nas finanzas da familia. E é ela quen entrega ó marido o diñeiro de peto. Pero este costume é recoñecido como unha

práctica social, non como un dereito.

Igual sucede nas decisións educativas, no que se refire ós fillos. A decisión do pai ten o seu fundamento nos argumentos da ciencia e da razón, capacidades negadas ás mulleres.

O matrimonio era a “*carreira*” máis importante para as mulleres españolas, a pesar desta situación.



Cociña do século XIX

A subordinación da muller casada quedou regulamentada xa no Código Civil de 1889, que consagraba a discriminación legal feminina. Como exemplos: a muller está obrigada a fixa-lo seu domicilio segundo estipulación do seu marido (art. 58); o marido é o administrador dos bens do matrimonio (art. 59); a patria potestade reside no pai, e só no seu defecto pode exercela a muller (art. 154), etc...

Cómo se explica que as mulleres elixiran este modo de vida?. Diversos autores aportan razóns suficientes, entre as máis significativas están:

O peso da relixión e a doutrina católica en torno ó matrimonio e a familia.

A conveniencia económica; a muller burguesa contraía matrimonio para establece-la súa seguridade económica, xa que o traballo asalariado feminino era o derradeiro recurso fronte á penuria, e en calquera caso, transitorio ata a consecución dun marido.

Sobre elo dí Concepción Arenal:

“El amante no solo tiene que temer las veleidades y caprichos pueriles de la que pretende hacer su esposa (...)Puede no amarle ni sentirse con vocación para el matrimonio, y


no obstante, casarse, porque las mujeres no tienen otra carrera. La joven mira su porvenir: muerto su padre, casados sus hermanos, le espera la pobreza, tal vez la miseria, o el amargo pan que le dé una cuñada; la soledad material y moral de quien recorre la triste escala de no ser necesaria, ser inútil y ser estorbo; ve su destino de vestir imágenes y su apodo de solterona, y se casa sin amor, tal vez sintiendo aversión por el hombre que ha de ser su compañero hasta la muerte (...) ¿Sucedería esto si la mujer tuviera medios de ganar su subsistencia, según su clase, como el hombre? (...) ¿Tendrían los hombres que temer con tanta frecuencia que la mujer que quieren hacer su esposa por amor se una a ellos por (...) cuesta trabajo pero es preciso decirlo, por comer?.

ARENAL, Concepción: *La mujer del porvenir*. Madrid, 1869. Cap VI.

O matrimonio de conveniencia, habitual en todas as clases sociais, hai que consideralo dende a óptica das familias respectivas, porque os lazos matrimoniais son importantes nunha política de consolidación familiar. Onde os pais controlaban os recursos vitais para o futuro nivel de vida dos seus fillos, podían influír moito na elección de cónxuxe. É o caso da clase media e alta ata finais do S. XIX, e segue a ser aínda na actualidade en moitas rexións europeas campesiñas; o matrimonio do herdeiro ou da herdeira non é de elección propia, senón que obedece a razóns de familia, que son razóns de conveniencia económica. Ex.: necesidade dunha aportación económica forte para pagar as débedas da casa; necesidade dunha ama de casa xove que asuma as funcións antes desempeñadas pola nai; todas son razóns de política de familia. As razóns de amor non teñen incidencia algunha dentro desta política matrimonial vixente. Pola contra, esta autoridade familiar foi sempre menor entre as clases asalariadas e urbanas.



Familia Flaquer. 1845. Espalter



Cochero, a casa. J. Béraud

Tamén variaban os móbiles dos pais para intervir nos **noviazgos** dos fillos, eran moi poderosos nas sociedades campesiñas nas que as mulleres casadas tiñan que vivir cós seus sogros vellos, ou preto deles, ou cando o dote ofrecía oportunidades ós irmáns. Ex.: alianzas matrimoniais dos comerciantes para levar fondos ó negocio, ou manter a propiedade dentro da familia.

Hai tamén toda unha serie de **institucións** relacionadas co noviazgo que axudaban á elección, tales como os bailes populares, tan importantes para os campesiños na Europa continental ata mediados de século; ou a temporada londinense para as élites

inglesas ou os anuncios na prensa cós dotes dispoñibles ou os “*rodrigones*” (criado ancián que acompañaba ás señoras).

Non podemos esquecer que as publicacións da época recomendaban ás mulleres as virtudes tradicionais de submisión e obediencia, insistindo en que o único papel na vida era o de esposa e nai.

Esta submisión estaba disfrazada atractivamente: capturar un marido rico supuña unha vida de luxo e lecer, e era máis fácil deixala loita pola existencia nas

mans dos homes e vivir no refuxio protector do fogar. Esta era unha mentalidade de deshonra do traballo fóra da casa. É o culto burgués ó fogar: fogar, doce fogar.

A finais do século tamén aparece entre as **clases traballadoras** tamén o culto ó fogar, nun mundo que seguía a ser un mundo público de casas pequenas e atiborradas, paredes delgadas, vida pública na rúa e escasa respectabilidade. Como as condicións de vida eran misérrimas, sacar unha familia adiante era difícil, e esa tarefa asumírona as mulleres, organizando a vida arredor dun cuarto, moitas veces compartido por un taller durante o día e parte da noite.



A modista nos Champs Elysées. J. Béraud

Conforme vai aumentando o nivel de vida nos países industrializados, aparecen **melloras** para as clases medias na vida cotiá: medios para empregar unha doncela, máis tempo para o coidado dos fillos e fillas, casa máis grandes e mellor amobladas, mellor alimentación e vestido, máis tempo para ler e escribir. Para a muller o primeiro ascenso na escala social era deixar de facer as tarefas domésticas “*máis groseras*”, pasar de traballar ela mesma a ser supervisora do traballo dos demais.

Pero ser tan só “*unha dama*” colisionaba coa condena da indolencia nas mulleres. A solución era estender o papel doméstico tradicional ó novo tempo libre, destinando ese tempo á crianza dos fillos, a servir comidas máis elaboradas e participar nun maior número de actividades sociais. Así se converterán en modelo de maternidade, dándolle peito ós fillos, sendo

as súas primeiras mestras e dirixindo os traballos da casa, que xa conta con habitacións con funcións específicas.

Temos como exemplo este canto de loanza do papel da nai para a cría da prole e como educadora para a primeira infancia, dentro do fogar:

“Sí señores míos: el niño es muy delicado, muy sensible; no se ha hecho para nuestras manos rudas aquel cuerpo mas frágil que el cristal, ni nuestro carácter áspero e indiferente puede entender el cielo sin nubes de aquel espíritu inocente. (...)”

Y cuando al declinar el Sol veis el alegre niño dormirse en el regazo de su madre, y observais como aquellos párpados se cierran blandamente, en tanto por sus labios vaga la sonrisa de la inocencia, pensais: “en que aquel ángel está conversando con espíritus alados” y exclamais con Castelar, recordando la pasada dicha. ¡Oh, las mujeres son más que los ángeles, puesto que son madres!”

“El niño”. *La Voz de Galicia*. A Coruña. 20 de xullo 1882.

A primeira infancia está feminizada: nenos e nenas levan roupas e cabelos longos ata os 3 ou 4 anos. No caso das nenas, as nais teñen unha responsabilidade maior, ó serlles confiada a súa educación e salvagarda.

Así, a iconografía romántica converte á muller en doméstica e nai de familia entregada, que debe criar persoalmente á prole. Por tanto, ten a responsabilidade da familia e ha de render contas ó cabeza de familia.

Este panorama desalentador comeza a evolucionar a partir dos anos 30 do século XX, cando xorden pequenos núcleos de mulleres, procedentes da clase burguesa, con carreiras e profesións, que non consideran o matrimonio como a única meta na vida.

5. - AS MULLERES E OS TRABALLOS DOMÉSTICOS

A Revolución Industrial creou as condicións obxectivas para o acceso das mulleres ó traballo asalariado e realizado fóra da casa.

A propia dinámica interna do proceso económico favorece esta posibilidade e converte ás mulleres en produtoras de riqueza, pero dáse en termos de evidente **desigualdade co varón**. Ela será, xunto cós nenos, reserva de man de obra barata e abundante para o desenvolvemento do primeiro industrialismo.

Dentro da Europa industrializada sobresae Gran Bretaña, cunha economía industrial que empregaba un grande número de mulleres (industria téxtil, siderúrxica, etc...). O traballo realizado pola maior parte das mulleres (servicio doméstico, agrícola...) era

tradicionalmente considerado como feminino, polo que non era merecedor da atención pública, nin válido, en moitos casos, para que as propias traballadoras tomaran conciencia da súa situación de inferioridade.

O dereito ó traballo centrouse no dereito das mulleres de clase media a ingresar en **profesións liberais**, non en todas, por suposto.



As espigadoras. Millet 1857



La carta. J.Béraud

As mulleres aristócratas apenas participaron nesta reivindicación por razóns obvias; e o traballo das mulleres de clase baixa, ou era aceptado como parte da orde natural das cousas ou se consideraba lamentable, pero inevitable. Non hai que esquecer que as mulleres de clase baixa proporcionaban unha forza laboral barata e o status do seu traballo era moi inferior ó dos homes, polo que non supuñan ningunha ameaza.

No S. XIX non podemos incluír a España dentro da Europa industrializada. Había zonas industrializadas como Barcelona ou Bilbao, pero maioritariamente a poboación activa seguía a ser campesiña, polo que só a partir de 1900 a presenza feminina na poboación activa comeza a asemellarse nas súas características ás restantes sociedades contemporáneas.

As mulleres de clase media.

A hostilidade contra os dereitos profesionais das mulleres era menor naquelas profesións que se consideraban unha prolongación natural do seu carácter e que proporcionaban escaso prestixio económico ou social. Ex.: maxisterio, onde o dereito a traballar nos niveis de parvulario e primaria non atopou apenas oposición masculina ó ser considerada esta profesión como unha prolongación do papel maternal feminino,

que só requiría tenrura e paciencia. Ex: en 1851 en Gran Bretaña había 25.000 institutrices.

Aínda así a opinión xeralizada no S.XIX era que **a carreira fundamental das mulleres era o matrimonio** e a gran maioría das mozas eran educadas para elo, xa que a natureza feminina era sentimental e sacrificada, e as actividades do fogar mailo coidado do marido e os fillos eran unha prolongación natural do carácter feminino. A vida doméstica foi elevada á altura dunha misión especial, aparentemente moi complexa á que se debe adicación total. Os escritos da época deixan entrever o importante que era o goberno da casa, aplicándolle metáforas da vida pública: goberno e orde, que administra a muller, para que elas se sentiran importantes. A idea de compatibilizar esta alta misión cō traballo asalariado era absurda, aínda a finais do século.



En el café de París. J. Béraud

As mulleres de clase obreira.

Estas mulleres traballaban fóra da casa por necesidade, e xunto cōs nenos obtiñan empregos nas fábricas industriais, cando o tipo de traballo permitía que substituísen ós homes con salarios máis baixos.

Condicións de traballo.

Os traballos asalariados relacionados co doméstico eran moi variados (lavadeiras, peóns agrícolas, mineiras...) e unha grande proporción estaba empregada no servizo doméstico, onde ás condicións xerais uníase a escasa liberdade persoal. Neste século, de dominio da burguesía, o servizo doméstico convertese nun sinal fundamental de boa posición económica.



A fiandeira é a súa filla. Lugo. 1923

As condicións hixiénicas eran deplorables, como demostran os exemplos das industrias textís (talleres) escasez de espazo, mala iluminación, peor ventilación, ou acumulación de gases nocivos no local, por falta de infraestrutura. O mesmo ocurría nas industrias onde traballaban nenas.

Este estado dos establecementos fabrís pode ser incluso bo, se o comparamos có dos locais da industria a domicilio: realizada maioritariamente no propio fogar da traballadora, as difíciles condicións de habitabilidade véñense acentuadas cando serve ademais de taller (costura, lavado...).

A permanencia diaria e prolongada da obreira nestes ambientes, era fonte de numerosas enfermidades, que sempre tiñan relación có traballo desenvolvido e remataban incidindo nas taxas de mortalidade.

Lexislación laboral.

O traballo a domicilio careceu dunha lexislación laboral protectora durante moito máis tempo que o traballo nas fábricas, e aínda nestas, a mellora das condicións foi moi lenta.

En España, os gobernos da Restauración prestaron pouca atención a este tema, ata fins de século, cando as tensións sociais se agudizaron e obrigaron ós gobernos a legisla-las condicións de traballo. A 1ª República estipulou (Lei do 24 de Xullo de 1873) unha regulación primeira do traballo infantil e na Conferencia Internacional do Traballo, celebrada en Berlín de 1890, España foi o único país que non votou a favor dunha lexislación protectora para o traballo das mulleres.

Desde as esferas oficiais trátase de protexer á muller activa baixo dúas perspectivas: como obreira e como nai, pero a realidade foi que a maioría das medidas tiveron unha reducida incidencia social.

Sindicación feminina.

Existen probas de que as mulleres non sempre aceptaron pasivamente a súa situación laboral e en moitas ocasións estiveron dispostas a defender o seu posto de traballo. Algunhas mulleres participaban nas actividades sindicais dos homes e presionaban para que os seus problemas tivesen cabida nos sindicatos obreiros. Entre elas cabe destacar a Flora Tristán ou a Pauline Rollado. Moitas outras, ante a hostilidade xeralizada dos sindicatos hacia o traballo feminino, crearon as



Mítin de Sylvia Pankhurst aos obreiros

súas propias organizacións. Xorden así, en distintos puntos de Europa, asociacións de fiandeiras, lavandeiras, tecedoras, encadernadoras, etc... Os maiores éxitos se acadaron en Inglaterra na industria do algodón, onde as mulleres estaban en maioría numérica. En España, as ramas que aportaron maior número de afiliadas foron a téxtil, e as do tabaco, pero xa no segundo tercio do século XX.

No cambio de século, Vigo sendo unha cidade en expansión industrial é testemuña das folgas das mulleres das conserveiras, por alteración das condicións de traballo, pola resistencia á disciplina fabril, etc...



Fábrica de conservas de Vigo. 1903

“O punto de partida de esta conflictividade pódese situar a fins de 1899, cando por mor do auxe do movemento obreiro vigués, as obreiras conserveiras deciden organizar unha sociedade de resistencia que non tarda en contar con máis de seiscentas asociadas. Como resposta (...) os fabricantes deciden organizar o seu propio sindicato e promulgar un regulamento que agrava considerablemente as condicións de traballo: a xornada laboral, que incluía domingos e festivos, fixébase en dez e doce horas segundo a época do ano; fóra deste horario as mulleres e aprendices quedaban obrigados a limpar diariamente as factorías e se estipulaban, por último, todo unha serie de normas de conducta nas fábricas, das que a súa infracción podería ser penada con multo ou despido inmediato en caso de reincidencia.

O mesmo día en que se fai público o regulamento comeza a folga en tódalas factorías conserveiras (...) Transcurridos xa dous meses, cando a folga parecía abocada a unha situación sen saída, a decidida actividade das obreiras, ó impedir violentamente o traballo de esquiroleiros, leva ós fabricantes a solicitar a mediación do gobernador civil.

As negociacións poñen punto final ó conflito; suprímese o regulamento e implántase o sistema de traballo a destallo vixente noutras factorías da Ría. Consíguese ademais que o traballo nocturno e extraordinario sea obxecto dunha retribución especial.”

El trabajo de las mujeres en la industria conservera. Organización. Madrid, UAM, 1987.

6.- INCORPORACIÓN Á EDUCACIÓN COMO INSTRUCCIÓN.

6.1.-EDUCACIÓN PRIMARIA.

O longo do século pasamos dun panorama no que a ignorancia era unha garantía de domesticidade das mulleres, ata a imaxe da *“muller ideal”* a finais de século, que admite unha certa instrucción para elas. Haberá que agardar ata 1857, momento no que o Estado amosa unha mínima preocupación, decretando a escolarización das rapazas.

Escolas diferentes

O acceso feminino á educación conlevou unha serie de perfís deferenciais respecto ó modelo escolar masculino. O obxectivo da educación feminina foi dende sempre consolida-la división sexual do traballo e a formación das mulleres nos seus papeis tradicionais de filla, esposa e nai. É por iso que o eixo fundamental da instrución feminina xiraba en torno ó coidado da familia, a atención ó marido e a socialización primeira dos fillos. Todo o conxunto facilitaba a integración social dos membros da familia.

Esta discriminación práctica das mulleres no sistema educativo foi percibida por moitas delas, e algunhas denunciaron a función de domesticación que se levaba a cabo no ensino. Dña. Emilia Pardo-Bazán califica de “*educación de cascarilla*” en 1890.



Portada dun libro para a educación das mulleres

A partir da segunda metade do S.XIX a necesidade de acadar unha educación máis ampla, vese favorecida por outros condicionantes ideolóxicos e económicos concretos. Inflúe en certa medida a aparición de doutrinas revolucionarias, e tamén a demanda de man de obra feminina calificada, ou a progresiva incorporación das mulleres de clase media ó mundo laboral.

Situación da educación en España.

En España a educación apropiada para as nenas aparece na Real Orde de Abril de 1816 que indica que a mestra debe:

“enseñar a leer, y aún a escribir a las niñas, si alguna quisiera dedicarse a ello. Debían aprender labores”.

Dedúcese que a escritura non era habitual nas escolas de nenas, e moito menos, que estudiaran “*la gramática castellana, ortografía y aritmética*”, que eran obrigatorias para os nenos. (Scanlos, 1986). Así durante os primeiros anos do século só se lles ensinaba a coser e rezar.

Ó longo do S.XIX hai un debate en torno a dous conceptos: o **de educación**, que era adquirir os coñecementos precisos para que as mulleres cumpran co seu



papel, e o **de instrucción**, que se refería a adquirir coñecementos intelectuais. Estes son pouco valorados para as mulleres, porque os teóricos pensaban que a instrucción masculinizaría ás mulleres.

Nos anos 30 a política educativa dos liberais cambia; abandónase o principio do dereito inalienable á educación, e a gratuidade, e substitúese polo concepto clasista de que só o ensino elemental debería ser universal, mentres que o ensino secundario quedaría reservado para as clases acomodadas, como o acceso á Universidade e ás profesións liberais.

Fálase da instrucción pública primaria, de escolas Normais masculinas e de escolas separadas para as nenas, pero a realidade foi que se crearon escolas de



Escola da provincia de Lugo

párvulos de nenas, deixándoas á cargo das mulleres dos mestres, xa que non era necesario ter grandes coñecementos, e iso permitía aumentar o salario familiar do mestre home.

A lei Moyano, un fito educativo:

Ata a Lei Moyano (1857) non se regulamenta a creación de Normais para mestras, nin se fai obrigatoria a ensinanza primaria entre os 6 e os 9 anos. As consecuencias máis importantes deste atraso foron os altos niveis de analfabetismo feminino, e o importante control que chegou a te-la Igrexa sobre elas, a través das escolas relixiosas femininas, que substituían o baleiro institucional nas clases medias.

Cando se crean as primeiras Normais femininas, o nivel intelectual esixido é moi inferior ó das Normais masculinas: non necesitaban título para seren profesoras, e estaban peor pagadas que os homes, o que confirma que o sistema escolar español caracterizábase pola dualidade de modelos educativos, primando a subordinación e pouca importancia atribuída a ensinanza feminina. Ex.: cando se fundou a Normal de Mestras de Madrid (1858) un requisito para ingresar era coser unha camisa de cabaleiro

Era un fenómeno xeralizado o absentismo feminino nas escolas públicas especialmente nas nenas de clase baixa e rurais, pola obriga de axuda-la súa nai nos labores domésticos (non eran como as de hoxe) e no coidado dos irmáns máis cativos, e o tempo de escolarización era máis reducido para as nenas, toda vez que era menos rentable cara ó futuro que no caso dos nenos.

Como ilustración vale un Informe de 1852, publicado no Album de Señoritas:

"Un año hace que, visitando el excelentísimo señor don José de Zaragoza las escuelas de esta corte, halló una sin mesas; preguntó a la profesora dónde escribían las niñas y contestó que en ninguna parte, pues era cosa que no las necesitaban por serles más perjudicial que útil".

Scanlon, 1986.

Programas de estudos.

Os programas tamén son diferenciados en función do sexo. Nun principio tan só se consideraba necesario que as nenas aprendesen a ler

Os manuais da época ían destinados ás nenas de clase media (burguesía urbana) e aparte dos coñecementos básicos para a vida doméstica, lles ensinaban a comportarse correctamente (modosidade) en sociedade, pero os coñecementos de tipo intelectual nin tan sequera son abordados.

Era a educación dos colexios de señoritas de maior renome, onde o título das materias son de por si curiosas:



"letra inglesa, bordados y primores, música instrumental al piano".

Profesorado.

O máis importante era o comportamento moral da profesora. Os curas párrocos son os que certifican que a aspirante observa na súa conduta os principios relixiosos, e á vez coñece a doutrina cristiá, para ensinarllela ás alumnas.

Ademais o comisario de barrio (instancia civil) tamén xulga o comportamento da futura profesora. A única habilidade refírese á pericia coa agulla (coser, bordado en ouro e prata, calceta, etc.). Non se pide que saiba ler e escribir, polo que resulta moi difícil crer que aprendan as nenas que están o seu cargo. Parece que se pedía a un mestre varón que lles dera clases de lectura, escritura e contas, polo menos ata mediados de século.

Tempo.

Nas escolas de nenas non teñen tempo de recreo, debido ó temor do tempo libre para as mulleres, e dedican 9 horas semanais ás labores de agulla e dedal.

Respecto ó horario, os nenos tiñan 7 horas de clase diaria (4 matutinas e 3 vespertinas), e nas escolas femininas son 9 horas diarias, cun descanso de ½ hora para o xantar, saíndo nunca antes das 7 da tarde. Este horario era flexible, porque eran os familiares os que acompañaban ás nenas nas entradas e saídas, e os domingos estaban ás 11 aprox. na escola para ir a misa de 12 acompañadas pola mestra.

Materiais.

Usaban os elementos da denominada *ciencia doméstica*, son materiais para as labores: agullas, fío, dedais, tesoiras, etc... e se lles descontan 167 pesetas nas escolas femininas da inversión en libros, papel e plumas das escolas masculinas.

As lecturas tamén están predeterminadas; os nenos len a Plutarco, o Robinson; para elas, *El Pensil de las Niñas*. Sempre se condenaba a lectura de novelas, porque movía á fantasía e podían facer que as mulleres rexeitaran unha forma de vida sosa fronte ás emocións fortes que vivían os personaxes de ficción, co correspondente perigo de imitación. Tratábase de que leran *pouco e ben*, algúns libros de contido moralizante e relixioso, repetíndoos a miúdo, para que as nenas interiorizaran o seu contido: sermóns, catecismo, etc...



A lectura ademais de recitativa, reiterativa, era vixiada pola mestra ou pola nai.

Respecto á escritura, hai poucas mencións específicas, iso si ó inicio do folio débese obrigatoriamente encabezar cunha cruciña cristiá.

O acceso das primeiras mulleres ós estudos universitarios prodúcese en España na década de 1870, e foi unha facultade de Medicina, a de Barcelona, a pioneira. Segundo os datos estatísticos de alfabetización, por estas datas a porcentaxe de mulleres analfabetas era do 90% en Galicia.

A loita polo dereito das mulleres de clase media ó traballo foi longa e dura en tódolos países. Foi máis dura se cabe nas profesións liberais, porque era precisamente este grupo social (a burguesía) a defensora do ideal feminino no fogar. No último tercio do S.XIX comezouse a preparar ás xoves das clases medias para determinadas profesións: mestras, institutrices ou enfermeiras. Máis tarde, arquivos e bibliotecas e empregadas en oficinas de correos e telégrafos.

Tamén como empregadas de comercio. Son **as novas profesións**, pero que apenas fixeron variar as normas comunmente aceptadas, de que o principal papel das mulleres segue a ser o de esposas e nais.

6.2.- EDUCACIÓN SECUNDARIA

En España houbo algúns avances culturais, ó amparo das correntes pedagóxicas



européas, como o **krausismo**, que como movemento intelectual de renovación cultural da sociedade, foi importado a España polo catedrático Julián Sanz del Río., e que iniciou escolas de educación feminina, de iniciativa privada. Ex: “*Escola de Institutrices*” (1869) dirixida por Ramona Aparicio.

Destacabe o seu currículo revolucionario, moito máis interesante que o das escolas oficiais, composto por asignaturas vetadas ata entón ás mulleres, como física, química, xeoloxía, antropoloxía, botánica, zooloxía, historia universal e literatura universal. A Asociación ofrecía en España a educación máis científica e progresista que existía, no que colaboraban máis de 80 catedráticos krausistas e profesores de instituto que defendían a educación das mulleres. Ex.: Giner de los Ríos, Ramón López de Vicuña, Rafael M^a de Labra.

Igual que a “*Institución Libre de Enseñanza*” (1876), de onde sairá un grupo de mulleres instruídas que a súa vez se preocuparon pola educación feminina. Ex.: Rosario de Acuña.

Tamén había **Escolas de Artes e Industrias**, que ofrecían cursos de debuxo e modelado para mulleres, e estudos musicais nalgunhas cidades; pero non había colexios de segunda ensinanza para rapazas, e elas non podían asistir ós colexios masculinos.

Na escola superior os homes estudiaban Xeometría, Debuxo lineal e Agrimensura, nocións de Física e de Historia natural. Elas (as poucas que tiñan logrado o acceso) substituían estes saberes por máis labores, Debuxo aplicado ós labores e nocións de Hixiene doméstica.

6. 3.- EDUCACIÓN UNIVERSITARIA EN ESPAÑA.

O acceso das primeiras mulleres ós estudos universitarios prodúcese en España na década de 1870, e foi unha facultade de Medicina, a de Barcelona, a pioneira. (Nas universidades de tódolos países europeos, que xa contaban con licenciadas e alumnas, tamén se iniciaran nas Facultades de Medicina).

Isto ocorre no último tercio do século que trouxo importantes cambios en España (liberalismo político, capitalismo económico e sociedade de clases).

As dúas primeiras alumnas de Barcelona foron **Dolores Aleu Riera e Martina Castells Ballespí**, quen defenderon a súa tese de doutoramento en Madrid (a única que podía otorgar dito grao) en 1882. Previamente estudiaran na universidade catalá, cando o 74% das mulleres de Barcelona eran analfabetas, non poideran aprender a ler



Médicos ingleses do século XIX facendo unha transfusión de sangue

nin a escribir. Segundo os datos estatísticos de alfabetización, por estas datas a porcentaxe de mulleres analfabetas era do 90% en Galicia.

Socialmente pertencían ás clases medias da burguesía urbana, e nelas facíanse así máis evidentes as contradicións de xénero. O saber era indispensable para a vida: tanto para a educación dos fillos e fillas como para acadar a independencia económica, que só era viable para as mulleres mediante a adquisición de coñecementos profesionais.


Non é por casualidade que Dolores Aleu e Martina Castells escolleron para a súa tese, o mesmo tema con variacións, sobre a educación física, moral e intelectual da muller, apoiadas na súa propia experiencia.

Como antecedente temos á primeira muller que se matriculou na Universidade catalá: **M^a Elena Maseras**, solicitándolle ó rei Amadeo de Savoia que lle concedese permiso para realizar estudos secundarios, coa intención de acceder despois ós de facultade; petición acollida afirmativamente polo monarca. E así promulgou unha Real Orde que a autorizaba. E antes de que rematara o século, eran unhas 30 as xoves que se matricularan nas universidades españolas.

O debate máis significativo foi o que se deu diante da solicitude do título de licenciadas que cursaron as tres primeiras estudantes, unha vez finalizados, con moito éxito, os exames de toda a carreira. A discusión sobre si as mulleres tiñan dereito ou non a ter unha titulación que as facultara para exercer a profesión durou tres anos, xa que moitos eran partidarios de ofrecer titulacións só con validez académica. Así en 1882 concedeúselles a titulación, precisando que afectaba, ademais das solicitantes, ás que estaban xa estudiando, e prohibíndose que novas alumnas poideran iniciar estudos superiores.

A espera foi tan longa que M^a Elena Maseras – a primeira muller que acabara os estudos de Medicina en 1878- cansa de tantas dificultades, non chegou a ler a súa tese, pois tivo que botar man do título de mestra que posuía e poñerse a traballar.

A loita polo dereito das mulleres de clase media ó traballo foi longa e dura en tódolos países, máis que a da educación, xa que representaba unha ameaza cara a seguir



Telefonistas europeas de principios do século XX

mantendo o modelo tradicional de relacións de poder.. Foi máis dura se cabe nas profesións liberais, porque era precisamente este grupo social (a burguesía) a defensora do ideal feminino no fogar. No último tercio do século XIX comezouse a preparar ás mozas das clases medias para determinadas profesións. Son as novas profesións (arquivos, bibliotecas,

empregadas de oficinas de correos e telégrafos, comercio) pero apenas fixeron variar as normas patriarcais de que o principal papel das mulleres segue a ser o de esposas e nais.

Pese a todo, durante os anos 1880 e 1890 remataron con éxito os estudos universitarios 15 mulleres.

7 Medicina e Cirurxía.

3 Ciencias.

3 Filosofía.

2 Farmacia, das que Montserrat Carrera estudou en Compostela, rematando en 1886. Cabe mencionar tamén a M^a Goiri (1873-1955), muller krausista que foi das pioneiras da universidade de Madrid. Condicións das clases: os bedeis levábana a clases e pechábana entre clase e clase na antesala do profesorado. Sentada na aula á beira do profesor, nunha cadeiriña, impedida para falar cos alumnos varóns, nen na aula nen nos pasillos. Tivo que solicitar permiso especial para asistir a clases soa, sen carabina.

7.- OUTRA MIRADA AO SÉCULO XX : MATRIMONIO E RELIXIÓN.

Os conceptos de “muller” e “ familia” estiveron sempre relacionados, polo que case sempre se recorre a explicar os cambios desta institución en base ós logros que as mulleres foron conquistando, no mundo occidental e neste século. Por “familia” segue entendéndose a familia tradicional, nuclear asentada na unión, máis ou menos indisoluble, dun home e unha muller con fins reproductivos, e que goza dunha certa protección estatal diferente segundo os países:

Pero o matrimonio e atopar un “bo partido” segue a ser a ambición de toda moza e da súa familia de clase media, a pesar de que ó casar teña que renunciar á súa iniciática persoal para se someter totalmente ó seu marido. Esta situación en España ven imposta pola lexislación , que ata a Constitución da II República (1931) non recoñeceu legalmente a igualdade dos sexos dentro e fóra do matrimonio.

As razóns do entusiasmo das máis das mulleres españolas para casaren proceden de:

- a conveniencia de atopar unha seguridade económica.
- o peso da relixión e da doutrina católica arredor do matrimonio e da familia, que fará das mulleres as depositarias do decoro, a garda das apariencias e as convencións sociais.

Exemplo de documento sobre a necesidade de casar :

“Para las mujeres españolas no hay, en general, mas carrera que la del matrimonio. El padre que tiene hijo varón puede a priori calcular lo que será su vástago: ingeniero, militar, abogado, ura... Si tiene hijas, no sabe lo que estas serán hasta el día en que les impongan el santo yugo. Tampoco lo saben ellas..., serán lo que sea su marido.

Esto hace del porvenir de la mujer una lotería. Cada una de ellas lleva sobre su linda cabecita el cántaro de la lechera y la que más y la que menos sueña con un Príncipe gentil, hermoso y rico, que el día menos pensado ha de venir de allá, de regiones maravillosas, a pedir la blanca mano de la soñadora doncella. El príncipe no suele venir, y la joven casadera apechuga con el mortal bastante heroico que se decide a ingresar en el gremio de los casados, aunque el tal candidato diste mucho de parecerse a Lohengrin. ¡Cuántas chicas bonitas fantasearon casarse con un caballero de la tabla redonda y tuvieron que contentarse con un hortera de ultramarinos!”.

“Las niñas casaderas”. El Eco de Santiago. Compostela. 14 Feb.1900

O peso da relixión, especialmente nos anos 40 é importante tamén:

“No seas tontuela.

No fíes demasiado en tu palmito, ni en tu boca de fresa, ni en tus ojos parleros.

Otras tan bonitas como tú, tan graciosas como tú, y con esa misma fragancia primaveral, que huele a albahaca, y a nardos, se murieron solteras.

Este mes glorioso y verbenero, y alegre y perfumado; dorado y optimista, está de fiesta San Antonio. Ve a él y cuéntale tus cuitas; o ofrécele tus oraciones y tus limosnas (...) Verás cómo te atiende y cómo te dá un novio (...)

NO seas tontuela, no lo fíes todo a tus encantos; que, con ser muchos, puede marchitarse tu pimpante y lozana primavera sin que llegue Él.

Y ahora –en secreto- te he de decir una cosa de la que quizá no te has percatado.

Los hombres buscan para entretenerse, a las muchachitas tontas como esas que tu y yo conocemos; pero para desposarse, como Dios manda, abandonan el pasatiempo, y buscan a la mujer honesta y recatada, digna y formal, cristiana y buena.

No lo olvides tontuela".

ALCEO. "Pídele un novio". *Spes* (Rev. Acción Católica). Pontevedra. Xuño 1943.

Na infancia, xa as nenas revelarían nos xogos coas bonecas o seu carácter e o seu papel futuro no ámbito doméstico:

"La que siendo cariñosa y cuidadosa de sus queridas muñecas, mañana será madre, será una madre amante, será una madre modelo, la que de pequeña las rompe o las tira, suele llegar a ser una madre descuidada.

La que de pequeña muestra en su carácter tendencias a la vanidad y al orgullo, esa en vez de hacer de su hogar un nido venturoso, hará del mismo un lugar desagradable, labrando la desgracia de los seres a que fuera llamada a hacer felices"

ADURENG, J.: Las niñas. *Gaceta de Galicia*. Compostela. 1 outubro 1910.

En xeral, a maternidade conta cunha forte sanción moral, legal e relixiosa;

A incompatibilidade aparente entre esposas traballadoras e maternidade foi refrendada pola sanción relixiosa: as Encíclicas papais Casti Connubii (1930) e Cuadragésimo Anno (1931), fixeron fincapé no papel dependente da esposa e as responsabilidades económicas do varón.

7.1.- A MULLER MODERNA E A VIDA DOMÉSTICA.



Muller con electrodomésticos na casa.
Estados Unidos 1940

Dende Estados Unidos propónse un novo modelo de **ama de casa**, capaz de racionalizar o traballo doméstico, tanto no tempo como no rendemento, sendo o complemento do home na produción externa do fogar. O funcionamento da casa debe parecerse á organización da sociedade, e xorden ofertas de electrodomésticos e novo equipamento, nun intento de taylorizar o traballo doméstico. A ama de casa debe ser consumidora e administradora da casa ó mesmo tempo. É a responsable do consumo, o que require unha cuidadosa planificación, que inclúe a compra a prazos, con financiamento. De aquí, a forte implantación que teñen en USA os grandes almacéns: a etapa mello foi en torno ós anos 40, xa que deseñan un espazo público de distracción e sociabilidade, onde as mulleres asumen roles de autoridade, como compradoras.

O novo estilo de vida (electricidade e gas nas cidades) inclúe unha insólita atención á hixiene da casa e á diminución da cantidade de empregadas do fogar. Aumentou a superficie media da vivenda por habitante: cociña, baño, dormitorios e salón. Tamén é desta época a **mecanización** de moitos traballos mediante electrodomésticos: aspiradoras, lavadoras, planchas neveras,...

As tarefas domésticas tamén se viron modificadas polo emprego de produtos químicos de limpeza, e o uso de conservas e conxelados na alimentación. Como as mulleres deben ser boas esposas e nais, se traballan fóra de casa, o traballo debe estar subordinado ás necesidades familiares. Esta “**dobre carga**” de deberes laborais e familiares é a responsable de que nos conseguiran postos máis altos no espazo público.

Este tipo de muller é “*a muller moderna*”. En Inglaterra foi chamada “*flapper*”, “*garçonne*” en Francia e “*maschietta*” en Italia.

Este **tipo de muller** tiña formación cultural, interés pola profesionalización e conciencia política liberal, aplaudía os avances tecnolóxicos e reflectía a modernidade no seu aspecto físico. Pertencía á bueguesía ou a aristocracia; substituíron a moda do corsé que resaltaba as curvas femininas (reproducción) por traxes de liñas rectas, que non marcaban o corpo. Reemprazaron a corpulencia pola delgadez atlética, e fomentaron o deporte, e con él, a liberdade física. Moitas destas mulleres foron intelectuais, escritoras,... pero non podían levar unha vida bohemia. Estaba ben para os homes, pero non era aceptable para elas, se querían ter credibilidade como profesionais e o respecto dos seus contemporáneos.

O seguinte texto deixa ver a preocupación dos sectores máis tradicionais ante o avance do novo prototipo de feminidade, menos proclive a aceptar a formulación tradicional do modelo decimonónico do “anxo do fogar”.



Publicidade sobre o traballo feminino en España e modelo de muller na casa. Anos 1950

En nuestra patria la mujer distinguida, de abolengo, sigue siendo muy religiosa, religiosa de verdad (...). Pero lo triste, lo lamentable, es que la educación religiosa que recibieron cuando eran niñas esas jóvenes actuales (...) se halle adulterada por una serie de intromisiones que alejan las prácticas de la religión del cauce evangélico (...) por eso vemos a esas “jóvenes modernas” pasar la vida alternando los viernes al sagrado corazón con los cines inmorales. Es decir, que las mujeres de nuestra época son piadosas mientras no medie ningún halago o interés para dejarlo de ser. Tan elegante y muy desprensiva, en la practica su máxima predilecta se llama “la alegría de vivir” (...) ¿Mujeres cristianas?. Por Dios, por vuestras almas y por el buen ejemplo ¡Sed moderadas!.”

La Región. Ourense. 12 Setembro 1923.

7.2.- SOBRE A EDUCACIÓN FEMININA.

No S.XX prodúcese a **entrada progresiva** das mulleres no sistema educativo, debido ás novas necesidades económicas, que fará necesaria primeiro, e logo imparabile a incorporación das mulleres ó mundo laboral, pero deste feito non se pode deducir que se lles ofrezan as mesmas oportunidades escolares que ós homes.

Este proceso esténdese entre as familias traballadoras, que intentarán que as súas fillas superen no posible a condición de obreiras e que, dado que é preciso traballar, o fagan no sector terciario. Pero tamén as familias burguesas queren dar ás súas fillas unha cultura que lles permita compensar a ausencia de dote ou aumentala.

En España, as mulleres burguesas con profesión tentaban vivir dela, aínda en contra das conveniencias sociais. Cunha excepción: a profesión **de mestra de escola** primaria, que era considerada axeitada, pola continuidade da vida doméstica, aínda que era a peor pagada do país.

As mulleres “*modernas*” españolas viaxaban por España ou por Europa, nalgúns casos gracias a becas, noutros como corresponsais de prensa, ou por razóns políticas. O viaxar faría cambiar a perspectiva delas ante o mundo, e incluso influiría na concienciación e no exilio de moitas delas no 39, ó se iniciar a dictadura franquista.

A preocupación pola educación das mulleres tamén esta presente nas organizacións políticas. Neste sentido, no movemento anarquista as posturas sobre o tema non son unitarias, aínda que podemos afirmar que a maioría dos libertarios critican ó patriarcado, e propoñen a educación como o camiño para a emancipación.

A esta preocupación non será alleo o movemento galeguista. Como mostra temos un texto de Johan Vicente Viqueira López-Cortón (1886-1924), que procedente da Institución Libre de Enseñanza e dedicado á docencia, será quen sente as bases da organización do ensino galego. Reclama a creación de institutos femininos, idea influída polas modificacións que supuxo a 1ª Guerra Mundial na consideración do papel das mulleres e a súa preparación profesional.

“O abandono da cultura da dona non é só unha falla senón tamén unha inxustiza. Quixera que vos lembrádeses dun proverbio inglés que dí: “A man que fía na roca e arrola o berce, goberna o mundo”. Nil se exagera, mas tamén se expón unha gran verdade: a importancia social da muller. Na Galicia hay unha fonda tradición de respeito e de veneración pol-a tarefa social da muller. (...) Aínda máis: quedaremos retardados na historia do mundo senón nos preocupamos da educación feminina.

(...) Creemos, pois un, varios institutos para o ensino feminino que corresponda a todas as exigencias pedagóxicas modernas. Nil ofreceráse ás mulleres a millor educación xeral posible e daráselle a preparación para cantas profesións poida desempeñar”

Anaco da conferencia lida por JOHAN VIQUEIRA e publicada polo *Folletón de A Nosa Terra*, C.115. 20 Marzo 1920.

Despois da Guerra Civil, na época autárquica do réxime franquista, as españolas véñse sometidas a unha forte represión respecto dos avances que para elas supuxera a II República.



Cartel de Auxilio Social e modelo de familia. 1940


O novo estado emprende unha cruzada para “*liberar*” ás mulleres do traballo lucrativo, cun obxectivo: a promoción da natalidade. Intelectuais como Marañón ou Ortega y Gasset destacan o papel reprodutor das mulleres como o seu destino natural, polo que toda a educación que reciben as nenas pódese resumir en adoctrinamento doméstico.

A lexislación apoia á **familia** e á súa promoción: son restrixidas as carreiras con posibilidades para as mulleres. (Están pechadas as seguintes carreiras: avogado do Estado, Axente de cambio e Bolsa, Médico do Corpo Facultativo de Prisións, Técnico de Aduanas, Inspector Técnico de Traballo, Fiscal, Xuíz, Maxistrado, Corpo de Diplomáticos, Corpo de Rexistradores da Propiedade e Corpo de Nortarios.

A formación feminina encargouse á Sección Feminina. Establécense como materias obrigatorias para as rapazas dende a escola primaria ata maxisterio as asignaturas de **Fogar e Economía Doméstica**, á vez que se crea o Servicio Social. (Só están eximidas de facelo as mulleres enfermas, casadas ou viúvas con fillos ou fillas, monxas, a primoxénita dunha familia de alomenos 8 fillos e as mulleres obrigadas a traballar para manter á familia).

A Igrexa colaborou estreitamente na misión de reeducar ás rapazas españolas, sobre todo na castidade. As súas ensinanzas e a política demográfica coincidían respecto

ás familias numerosas.



Portadas de libros de texto para as mulleres editados pola Sección Feminina

Para esta tarefa é fundamental o matrimonio.

O resultado foi o aumento da taxa de analfabetismo feminino, un nivel moito máis baixo de escolarización das nenas que dos nenos na primeira e segunda ensinanza e unha débil presenza das mulleres na educación profesional e universitaria.

J.M.Pemán: *“De doce cualidades de la mujer”*. 1947.

“La mujer duda poco como duda poco el río o el tronco del árbol sobre la dirección que ha de tomar”



Damas de Acción Católica. Santiago de Compostela



Boda dunha camarada da Sección Feminina.



Na España franquista: saúdo fascista das monxas e da Sección Feminina.
Panorama para as mulleres

CONCLUSIÓN.

Aprendemos a deducir do estudo da historia que uns poucos seres humanos fan toda a historia.

Estamos diante dos binomios: actividade-pasividade, superior-inferior, natureza-cultura. Pero se **non** compartimos as **dualidades**, non temos por que aceptar esta clasificación.

De aí a insistencia en evidenciar que a humanidade está constituída por mulleres e homes diversos, cuxa **diversidade** non implica valoracións de superioridade e inferioridade.

Mentres no se escriba a historia do xénero humano, este é un exemplo de reforma parcial que se pode aplicar nas aulas, dándolles información ao alumnado sobre a metade da humanidade que non figura nos libros de texto.

Tamén lles valerá as alumnas para que teñan a posibilidade de reler a historia dende outra perspectiva, e estean en situación cando menos, de poder elixir, de coñecer a súa propia historia e decidir por si mesmas, que teñan un espello e unha tradición na que mirarse, cando precisen decidir sobre o seu futuro.

Compostela 2010
Mercedes González González
Catedrática de Historia